

DOMINGO 05 PASCUA CICLO C

PRIMEIRA Feit 14, 21b-27

Comunicáronlle á Igrexa as marabillas que Deus realizara con eles

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Paulo e máis Bernabé volveron para Listra, Iconio e Antioquía, enfortecendo o espírito dos discípulos e animándoos a perseveraren na fe, porque -dicíanlles- temos de pasar por moitos traballos, para entrarmos no Reino de Deus. E despois de designarlles presbíteros en cada Igrexa, oraban, xaxuaban e encomendábanos ao Señor, en quen creran.

Atravesando a Pisidia, chegaron a Panfilia e, logo de anunciaren a palabra en Perxe, baixaron cara a Atalía. De alí embarcaron para Antioquía, desde onde foran confiados á graza de Deus para a misión que viñan de cumprir. Chegando, reuniron a Igrexa e contaron todo canto Deus fixera con eles e como lles abrira aos pagáns a porta da fe.

SALMO RESP. Sal 144, 8-9. 10-11. 12-13ab

R/ (cf 1): Bendicirei o teu nome para sempre, meu Deus e meu rei

O Señor é clemente e compasivo,
tardo á ira e rico en amor.
O Señor é bo para todos,
agarimoso con todas as súas obras.

Lóuvente, Señor, as túas obras,
bendígante os teus amigos.
Pregoen a gloria do teu reino,
proclamen as túas fazañas.

Ensinen aos homes a túa forza
e a maxestade gloriosa do teu reino.
O teu reino é reino eterno,
o teu goberno dura por xeracións.

SEGUNDA Ap 21, 1-5a

Enxugará todas as bágoas dos seus ollos,

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA APOCALIPSE DE SAN XOÁN

Logo vin un ceo novo e unha terra nova, pois o primeiro ceo e a primeira terra xa pasaran; e o mar xa non existía. Tamén vin que a cidade santa, unha Xerusalén nova, baixaba do ceo de onde Deus, preparada coma a esposa que está engalanada para o seu esposo. E sentín unha forte voz que desde o trono dicía:

"Velaquí a tenda de Deus onde os homes.

Acampará entre eles, eles serán o seu pobo e El será o seu Deus e compañeiro.

Enxugará todas as bágoas dos seus ollos, e a morte xa non existirá máis.

Nin haberá máis loito nin pranto nin dor, porque as primeiras cousas pasaron xa".

O que estaba sentado no trono dixo:

"Vede que volvo novas todas as cousas".

ALELUIA Xn 13, 34:

*Douvos un mandamento novo, di o Señor;
que vos amedes uns a outros como eu vos ameí*

DOMINGO 05 PASCUA CICLO C

EVANXEO Xn 13, 31-33a. 34-35

Douvos un mandamento novo, que vos amedes uns a outros

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Cando saíu do cenáculo, dixo Xesús:

-Agora queda glorificado o Fillo do Home e Deus queda glorificado nel. Se Deus queda glorificado nel, tamén Deus o glorificará a el e hao glorificar axiña. Meus fillos: só un pouquiño estarei convosco.

Douvos un mandamento novo: amádevos uns a outros; como eu vos ameí, amádevos tamén entre vós.

Nisto coñecerán todos que sodes os meus discípulos: se vos tedes amor uns a outros.